



**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS**

**Artigo 1.- FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito imponible do imposto a realización, dentro do termo municipal , de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obra urbanística , se teña obtido ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa , sempre que a súa expedición corresponda a este municipio.

As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

- Obras de construción de edificacións e instalacións de tódalas clases de nova planta.
- Obras de demolición.
- Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
- Alineacións e rasantes.
- Obras de fontanería e rede de sumidoiros.
- Obras de cemiterios.
- Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza de obra urbanística.

**Artigo 2.- SUXEITOS PASIVOS.**

Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, propietarios dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras sempre que sexan donos das obras; nos demais casos considerárase contribuínte a quen ostente a condición de dono da obra.

Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os que soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou realicen as construcións, instalacións ou obras se non foran os propios contribuíntes.



**Artigo 3.- BASE IMPOÑIBLE, COTA TRIBUTARIA E DEVENGO.**

A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela.

A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame, fixándose unha cota mínima de 30,00 euros.

O tipo de gravame será o seguinte :

- Construcións, instalacións ou obras cun custo de execución material ata 600.000,00 euros : 2,00 por 100
- Construcións, instalacións ou obras cun custo de execución material superior a 600.000,00 euros : 3,50 por 100

O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra , aínda cando non se teña obtido a correspondente licenza ou se realizase a actividade de control municipal.

**Artigo 4.- XESTIÓN.**

Cando se conceda a licenza preceptiva ou se presente a declaración responsable ou comunicación previa, practicarase unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do presuposto presentado polos interesados e redactado por técnico competente; noutro caso a base imponible será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado do proxecto.

Á vista das construcións, instalacións e obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible á que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou devolvéndolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

**Artigo 5.- INSPECCIÓN E RECADACIÓN.**

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.



**Artigo 6.- INFRACIÓNS E SANCIÓNS.**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolvan.

**Artigo 7.- BONIFICACIÓNS E DEDUCIÓNS.**

**Bonificacións.** Establécese unha bonificación do 90% da cota do imposto de construcións, instalacións e obras a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal para concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración, que será acordada a petición do suxeito pasivo polo Pleno da Corporación por maioría simple dos mesmos da mesma.

**Deducións.** Establécese así mesmo como dedución da cota bonificada do imposto o importe satisfeito ou que deba satisfacer o suxeito pasivo en concepto de taxa polo outorgamento da licenza urbanística correspondente á construción, instalación ou obra de que se trate e na que concorrera a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

A bonificación e a dedución establecidas nos anteriores parágrafos serán de aplicación, de ser procedentes, tanto ás liquidacións provisionais coma definitivas do imposto.

Establécese que existirá dereito á bonificación e dedución, previa a tramitación establecida, para as construcións, instalacións e obras que reúnan as seguintes circunstancias:

Aquelas que presenten un especial interese ou utilidade municipal pola concorrencia de modo conxunto ou illadamente de circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que deberán ser acreditadas pola presentación do proxecto de que se trate no que deberá de xustificarse o carácter e as circunstancias antes citadas.

As correspondentes ás iniciativas locais de emprego, declaradas como tales por esta Entidade segundo a lexislación aplicable ou proxectos empresariais participados ou fomentados dende esta Entidade Local.

As iniciativas empresariais correspondentes a empresas que se instalen en calquera das fases do Parque Empresarial de Begonte pola súa importancia fundamental na economía local e o seu carácter xerador de emprego.



O procedemento de concesión da bonificación e no seu caso a dedución, iniciárase por solicitude do interesado á que deberá acompañar xustificación da concorrencia nas construcións, instalacións ou obras das circunstancias de especial interese ou utilidade municipal derivadas das circunstancias sociais, culturais histórico-artísticas ou do fomento do emprego que se aleguen.

A solicitude do suxeito pasivo, coa incorporación no seu caso dos informes procedentes técnico e xurídico pasará ó Pleno da Corporación que, por maioría simple dos seus membros, acordará a concesión ou denegación da bonificación solicitada e no seu caso da dedución sobre a cota bonificada, ponderando a totalidade das circunstancias concorrentes na petición efectuada e que esta reúna illada ou conxuntamente as circunstancias a que se fixo referencia, a cal oportunidade e fundamento serán de apreciación polo Pleno Corporativo.

O acordo municipal declarando o especial interese ou utilidade social da construción, instalación ou obra implicará a expedición dunha nova liquidación polos servizos municipais coa aplicación da bonificación do 90% á liquidación de que se trate, así coma no seu caso a dedución da cota bonificada do imposto do importe satisfeito ou que se deba satisfacer en concepto de taxa por licenza urbanística.

**Disposición Final.-** A presente modificación desta ordenanza entrará en vigor no prazo de 15 días a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DEL IMPUESTO SOBRE CONSTRUCCIONES, INSTALACIONES Y OBRAS**

**Artículo 1. - HECHO IMPONIBLE.**

Constituye el hecho imponible del impuesto la realización, dentro del termo municipal, de cualquier construcción, instalación u obra para la la cual se exija la obtención de la correspondiente licencia de obra urbanística, se haya obtenido o no dicha licencia, o para la la cual se exija presentación de declaración responsable o comunicación previa, siempre que su expedición corresponda a este municipio.

Las construcciones, instalaciones u obras a que se refiere el apartado anterior podrán consistir en:

- Obras de construcción de edificaciones e instalaciones de todas las clases de nueva planta.
- Obras de demolición.
- Obras en edificios, tanto aquellas que modifiquen su disposición interior como su aspecto exterior.
- Alineaciones y rasantes.
- Obras de fontanería y red de alcantarillas.
- Obras de cementerios.
- Cualquier otra construcción, instalación u obra que requiera licencia de obra urbanística.

**Artículo 2. - SUJETOS PASIVOS.**

Son sujetos pasivos de este impuesto, a título de contribuyente, las personas físicas o jurídicas y las entidades a que se refiere el artículo 33 de la Ley General Tributaria, propietarios de los inmuebles sobre los los cuales se realicen las construcciones, instalaciones u obras siempre que sean dueños de las obras; en los demás casos se considerará contribuyente a quien ostente a condición de dueño de la obra.

Tienen la consideración de sujetos pasivos sustitutos del contribuyente los que soliciten las correspondientes licencias o presenten las correspondientes declaraciones responsables o



comunicaciones previas o realicen las construcciones, instalaciones u obras si no habían sido los propios contribuyentes.

**Artículo 3. - BASE IMPONIBLE, COTA TRIBUTARIA Y DEVENGO.**

La base imponible de este impuesto está constituida por el coste real y efectivo de la construcción, instalación u obra, entendiéndose por tal, a estos efectos, el coste de ejecución material de aquella.

La cota del impuesto será el resultado de aplicar a la base imponible el tipo de gravamen, fijándose una cota mínima de 30,00 euros.

El tipo de gravamen será el siguiente:

- Construcciones, instalaciones u obras con un coste de ejecución material hasta 600.000,00 euros: 2,00 por 100
- Construcciones, instalaciones u obras con un coste de ejecución material superior a 600.000,00 euros: 3,50 por 100

El impuesto se devenga en el momento de que se inicien la construcción, instalación u obra, aun cuando no se haya obtenido la correspondiente licencia o se realizara la actividad de control municipal.

**Artículo 4. - GESTIÓN.**

Cuando se conceda la licencia preceptiva o si presente la declaración responsable o comunicación previa, se practicará una liquidación provisional, determinándose la base imponible en función del presupuesto presentado por los interesados y redactado por técnico competente; en otro caso la base imponible será determinada por los técnicos municipales, de acuerdo con el coste estimado del proyecto.

A la vista de las construcciones, instalaciones y obras efectivamente realizadas y del coste real efectivo de las mismas, el Ayuntamiento, mediante la oportuna comprobación administrativa, podrá modificar, en su caso, la base imponible a la que se refiere el apartado anterior practicando la correspondiente liquidación definitiva, y exigiendo del sujeto pasivo o devolviéndole, en su caso, la cantidad que corresponda.



**Artículo 5. - INSPECCIÓN Y RECAUDACIÓN.**

La inspección y recaudación del impuesto se realizará de acuerdo con el previsto en la Ley General Tributaria y en las demás Leyes del Estado reguladoras de la materia, así como en las disposiciones dictadas para su desarrollo.

**Artículo 6. - INFRACIÓNS Y SANCIONES.**

En todo el relativo a la calificación de las infracciones tributarias así como a la determinación de las sanciones que por las mismas correspondan en cada caso, se aplicará el régimen regulado en la Ley General Tributaria y en las disposiciones que la complementan y desarrollen.

**Artículo 7. - BONIFICACIONES Y DEDUCCIONES.**

**Bonificaciones.** Se establece una bonificación del 90% de la cota del impuesto de construcciones, instalaciones y obras a favor de las construcciones, instalaciones u obras que sean declaradas de especial interés o utilidad municipal para concurrir circunstancias sociales, culturales, histórico-artísticas o de fomento de empleo que justifiquen tal declaración, que será acordada a petición del sujeto pasivo por el Pleno de la Corporación por mayoría simple de los mismos de la misma.

**Deducciones.** Se establece asimismo como deducción de la cota bonificada del impuesto el importe satisfecho o que deba satisfacer el sujeto pasivo en concepto de tasa por el otorgamiento de la licencia urbanística correspondiente a la construcción, instalación u obra de que se trate y en la que había concurrido la declaración de especial interés o utilidad municipal.

La bonificación y la deducción establecidas en los anteriores párrafos serán de aplicación, de ser procedentes, tanto a las liquidaciones provisionales como definitivas del impuesto.

Se establece que existirá derecho a la bonificación y deducción, previa a tramitación establecida, para las construcciones, instalaciones y obras que reúnan las siguientes circunstancias:

Aquellas que presenten un especial interés o utilidad municipal por la concurrencia de modo conjunto o aisladamente de circunstancias sociales, culturales, histórico-artísticas o de fomento del empleo, que deberán acreditar la presentación del proyecto de que se trate en el que deberá de justificarse el carácter y las circunstancias antes citadas.



Las correspondientes a las iniciativas locales de empleo, declaradas como tales por esta Entidad según la legislación aplicable o proyectos empresariales participados o fomentados desde esta Entidad Local.

Las iniciativas empresariales correspondientes a empresas que se instalen en cualquiera de las fases del Parque Empresarial de Begonte por su importancia fundamental en la economía local y su carácter generador de empleo.

El procedimiento de concesión de la bonificación y en su caso la deducción, se iniciará a solicitud del interesado a la que deberá acompañar justificación de la concurrencia en las construcciones, instalaciones u obras de las circunstancias de especial interés o utilidad municipal derivadas de las circunstancias sociales, culturales histórico-artísticas o del fomento del empleo que se alegue.

La solicitud del sujeto pasivo, con la incorporación en su caso de los informes procedentes técnico y jurídico pasará al Pleno de la Corporación que, por mayoría simple de sus miembros, acordará la concesión o denegación de la bonificación solicitada y en su caso de la deducción sobre la cota bonificada, ponderando la totalidad de las circunstancias concurrentes en la petición efectuada y que esta reúna aislada o conjuntamente las circunstancias a que se fijo referencia, la cual oportunidad y fundamento atardecer de apreciación por el Pleno Corporativo.

El acuerdo municipal declarando el especial interés o utilidad social de la construcción, instalación u obra implicará la expedición de una nueva liquidación por los servicios municipales con la aplicación de la bonificación del 90% a la liquidación de que se trate, así como en su caso la deducción de la cota bonificada del impuesto del importe satisfecho o que se deba satisfacer en concepto de tasa por licencia urbanística.

**Disposición Final.** - La presente modificación de esta ordenanza entrará en vigor en el plazo de 15 días a contar desde el día siguiente a lo de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.